



PASEOS LITERARIOS POLA PROVINCIA DA CORUÑA 2021

**ESTÍBALIZ ESPINOSA
PASEOS NO PLANETARIO, PEGADAS
NA TINTA**



asociación de
**escritoras
escritores**
en lingua galega
www.aelg.gal



**Deputación
DA CORUÑA**




palabra | estrelas | canto

ROTEIROS LITERARIOS DA AELG

UN ROTEIRO DE POESÍA E CIENCIA NA CORUÑA

ABRIL 2016

DUN PLANETA A UN INFINITO



Texto e poemas: Estíbaliz Espinosa, 2016

Fotografías: Sandra G. Rey, 2016

Esta publicación realizábase grazas a unha axuda da Deputación da Coruña e da Asociación de Escritoras/es en Lingua Galega



Nun espazotempo calquera

Nunca deixa de sorprendeme o feito de estar aquí non só pensando: escribindo isto. Non menos o feito de que ti esteas aí, léndoo. Nun espazotempo calquera. Unha vez, hai moitos anos, escribra na contracapa de *Zoomm. Textos biónicos* que «somos o que lemos», pero o certo é que tamén somos «o que en nós len». Se é que nos len. Nun mundo onde un dos moitos paradoxos é que cremos ler cada vez menos cando lemos e escribimos a cada intre.

Somos tamén o que escribimos? A pregunta xa camiña outros gumes.

Pero logo, que somos? *Quiénes somos*, cantaban os de Vigo, *Siniestro total*, 30 anos antes de que Vigo se convertese cada Nadal nun feirón de leds que nos impiden ver o ceo, esa páxina escrita un pouco ao azar pero que contén moitas das respostas a esa pregunta.

Porque nacer, nacín baixo un ceo do norte. Do norte do sur do hemisferio norte. E que vou facer na vida se abro os ollos a ela no ano da mensaxe do telescopio de Arecibo, aos pés dun futuro Planetario e un pazo da Ópera, xunta unha praza do Libro, a poucos metros dun faro e varios pisos por riba de polbos servidos á feira? Sen dúbida algo menos rimbombante do esperado, pero lémbrome lendo e escribindo dende que empuñei o primeiro lapis e debuxei comics, relatos e sagas con tinta verde. Son filla dunha nai soa, viúva, cun irmán que lía e debuxaba todo o tempo e foi moi feliz e logo moi depresivo. Lévoos en min.

Os primeiros recendos son os da marusía do verán e os libros outonizos do secreter, os do polbo á feira e a tinta graxenta da máquina de escribir que meu irmán herdara do meu pai, morto cando eramos moi nenos, e logo herdaría eu. Aínda a escoito tecolear, pero en realidade colle po e glamour vintage gardada na súa funda.

Tocoume no espazotempo da escrita pero non sei en que tempo che tocou a ti. Tocoume vivir entre a galaxia espiral que os gregos chamaron de leite, e a galaxia dos relatos, das tramas, dos cantos que circulan como leite. Tocoume nun espazotempo de tecnoloxía espacial e vacas nos pastos, no espazotempo do primeiro robot sensible e o libro do xenoma aberto en abanico, nun espazotempo que busca vida en exoplanetas e

esnaquiza posibilidades de vida neste.

Tocoume ser das primeiras xeracións que comprenden o significado da súa propia galaxia entre miles de millóns doutras galaxias...e de súpeto deixan de ver na noite a súa.

De xeito análogo, seguramente escribo e falo nunha lingua que no futuro desaparecerá. En realidade desaparecerán todas, a cuestión é o ritmo e os porqués que as levarán a iso. Ou en que se transformarán.

E tirando un pouco máis da metáfora de deixar de ver o noso arrabaldo estelar, por sobreiluminación, é curioso como tamén na cultura a sobreiluminación de certas zonas deixa en penumbra amplas zonas de ceo profundo. Non falo xa de focos mediáticos senón de, por exemplo, como a cultura literaria semella discorrer de costas á cultura científica. Participo en festivais literarios, musicais, artísticos e científicos. E non é fácil atopar xente duns nos outros. O canon literario científico, por exemplo, contemplará figuras consideradas «menores» no canon literario máis academicista, como as da ciencia-ficción, as da divulgación de ciencia ou as do cómic. Úrsula K. Le Guin, Stanislaw Lem, Neil Gaiman, Carl Sagan, Isaac Asimov, Annie Dillard, Philip Ball, Carlo Rovelli... non soarían como candidatos a Nobel de literatura, galardón simbólico que si concederon a Winston Churchill ou Bob Dylan.

O canon literario máis ortodoxo non sae da división académica en ciencias e letras, considerando non literarias obras magnificamente escritas só porque se encadran na non-ficción. A literatura é só ficción? A poesía é ficción? O ensaio? A crónica? A auto-ficción? Non é escribir en si, o mero feito de trasladar á linguaxe escrita unha constelación de vivencias, conversas, aromas, ambientes, tramas, un paso ficcional?

Nacín nun espazotempo calquera. Entre os 4.000 millóns de anos dos primeiros estromatolitos, as primeiras bacterias que emiten ese feble e poderoso sinal da materia que chamamos «vida», e a fusión coa galaxia Andrómeda e a metamorfose do Sol nunha xigante vermella dentro de 4.000-5.000 millóns de anos.

Son po interestelar curioso. Curioso nos dous sentidos, no convencional e tamén no que lle dá a miña nai: esmerado, ordenado. Ti que les, serás outro pouco do mesmo po. Os nosos átomos veñen das mesmas supernovas, da mesma morte que nos dá a vida. Ambos coincidimos aquí, no espazo, talvez non no tempo. Por iso, un roteiro literario é un modo de confabular un espazo común, de darlle outro sentido ás mesmas coordenadas. Por iso,

pensei nun espazotempo onde esta cidade na que abriron os ollos os seres que máis ameina Terra, mamá, Guillermo, Y., U., contemplase a ciencia que a rodea como o poderoso feito cultural que é.

Vivo nunha cidade con mar, con catro museos de ciencia, con unha das tecnoloxías de alumado máis antigas -un faro-, con unha universidade onde se investiga e se descobre, con monte, leiras, arquitectura, con música e cine, con deseño, con artes plásticas e rías onde a marea sobe e baixa sobre rochas, criaturas, ardoras e vías lácteas, ritos e costumes que analizamos e comprendemos coma se fosen un meteorito. Pero son nós.

Non entendo este espazotempo sen a perspectiva crítica e meticolosa do método científico. Non entendo o literario sen a humildade cósmica e o orgullo do xenoma. Un xenoma de 30.000 xenes que compartimos con tanta vida, dende hai centos de miles de anos. Todos os sapiens temos o mesmo libro aberto na espiral do sangue. Estamos escritos coa tinta de todo canto existe.

Por iso este espazotempo é calquera. É escribilo o que nos delata.

Un roteiro literario por unha cidade calquera para min leva dentro o poema, o astro, o riso, o aroma: a ciencia e tamén a ficción.

UN ROTEIRO DE POESÍA E CIENCIA NA CORUÑA

2016

Un roteiro é unha constelación escrita no chan.

Se tomamos unha perspectiva que me é particularmente grata a nivel literario (unha perspectiva orbital ou cenital, dende arriba), os pasos que damos nunha xornada ou xa non digamos ao longo dunha vida forman un intricado debuxo.

Como as pegadas nun mapa segredo que se revelan baixo certos conxuros, para un roteiro habemos ter definidos os puntos de ancoraxe e as razóns que nos levan a eles, ao igual que en calquera viaxe. Cando en 2016 a AELG amablemente me solicitou un roteiro literario sobre a miña obra e sobre a miña cidade, A Coruña, de contado souben que quería un roteiro que contemplase a ciencia e non só con obra creada por min.

Xa que entendo a creación como unha das metáforas máis da vida, uns puntos suspensivos na dobre hélice que nos impulsa por dentro (puntos suspensivos que herdamos, puntos suspensivos que legamos), interpretei como un azar afortunado que nese intre estivese embarazada dalgúns meses. Malia que a maternidade é un dos puntos fundamentais da constelación literaria que tezo, non a contemplei como un chanzo do roteiro se cadra por esa precaución de toda grávida nun embarazo de risco: aínda podía pasar calquera cousa e non quería engadir dor se sobreviñese algo malo semanas despois (que non foi así).

Así que me enfoquei en puntos que tocan de esguello a maternidade e que, sobre todo, puntearon a miña vida e se entrelazaron ao que creei algunha vez: a investigación e descuberta de novos mundos e o **relato do noso Universo** nese cine en 360º que é o Planetario, a linguaxe primordial da **música**, a linguaxe **matemática**, a **química** dos recendos, a **risa** e o que se estende máis aló de nós ata non sabemos onde, o que chamamos **infinito**.

Todo comezando no núcleo da miña nenez e xuventude: un monte con estrelas, unha praza de Libro, un (es)pazo da música e adentrándonos logo no ventre da cidade para achegármonos a outros símbolos.

Foron dúas horas e pico de camiñada. E agradezo moito a todos os que formaron parte dela, dalgún tramo, ou mesmo chegaron ata o final. Tamén a Sandra G. Rey por acompañarme tamén, e unha vez máis, nese periplo e sacar as mellores fotos, como sempre.

1.PLANETARIA



Ante un embarazo de alto risco, a miña xinecóloga recomendárame pasear.

Canto?

Moito. Todo o que poidas.

Así que antes de calcar os pés na terra e poñer a unhas 50 persoas a andar, unha mañá de abril de 2016 decido subilos a todos á cúpula do Planetario da Coruña e poñelos co pescozo ao biés. Non é a bóveda celeste auténtica, xaora, pero o domo ten algo de caverna e canta reunión de homininos con algo entre mans aconteceu en cavernas durante miles de anos!

A cúpula do Planetario é un espazo onde podes lanzar a voz a varios centos de anos-luz (dun xeito simbólico), que rebote e volva a ti. Prehistórica e futurista a un tempo, como unha trama de ciencia-ficción con música de Mercedes Peón e Hans Zimmer. No meu 4º mes de embarazo todo é ciencia-ficción: vivo dun pasado feliz e arrasador a un tempo, dunha perda que queima e dunha criatura descoñecida que arde e come de min. E dáme ardores. Moitos.

Pero antes de andar, quero que a xente vaia mesmo unha vez ao Planetario, bote un aturuxo e sinta devolta esa curiosidade case infantil polo ceo nocturno.

Se boto a vista atrás, moi pesadiña debín de ser co Planetario. Levei alí a parellas, fíxenlles patear exposicións de Cosmonáutica rusa, a perderse en programas sobre nebulosas e constelacións sinaladas cunha frechiña amarela. Alí coñecín amizades queridas para min como Borja, Olga, Félix, Lorena, Rubén, Mónica, e quedei para coñecer á que sería unha das miñas amigas, Joana Magalhães, unha tarde na que saímos coa cabeza chea de asteroides potencialmente perigosos. Aínda teño gravado o intre no que a vin chegar camiñando co seu paso resolto dende o muíño ata a porta principal do palacete. Supoño que hai lugares mellores para coñecerse, pero da miña contorna poucos superan ése.

Aqueloutra mañá de Abril, en plena chuvia de Líridas pero baixo un ceo solleiro ao outro lado da bóveda, non coñecía a case ningún daqueles 50 pares de ollos. Estabamos nun «templo» astronómico pero baixo un ceo branco, unha páxina en 360° que eu debía encher. Se é que non todo está escrito no ceo.

Comecei falando de Ramón María Aller, un astrónomo relativamente coñecido na Galicia -dentro do que esta profesión pode coñecerse-, para falar tamén de Antonia Ferrín, coa que traballou e moito menos coñecida. A astrónoma con tres licenciaturas, a primeira muller en defender unha tese de astronomía en España en 1963, que non conta con ningunha rúa co seu nome e da que rescato esta anécdota que sempre a orbita: polo visto Antonia nunca vai esquecer o frío que pasaba ao pé do telescopio no Observatorio da Universidade de Santiago de Compostela -hoxe Observatorio Ramón M^a Aller-, frío insalvable pola imposibilidade *moral* de non usar pantalóns. A prenda que «non se consideraba feminina e que soamente as actrices de cine máis atrevidas ousaban lucir na gran pantalla». Palabras textuais dela.

Dende que a lin, sorprendeume esta vivencia *conxelada* de Antonia Ferrín: sitúanos nunha Galicia moi lonxe da moda parisense ou neoiorquina, mesmo mexicana, onde os pantalóns irrompían cruzándose nas pernas cicatrizadas de Frida Kahlo, axustándose ao pube de Marlene Dietrich ou Katherine Hepburn e corricando na inocencia estilo Capri de Audrey Hepburn. O mono obreiro de Rosie a Remachadora (Rosie the Riveter), o movemento hippie, o beatnik...todo iso abotoaba e desabotoaba, subía e baixaba cremalleiras acampanándose lonxe de telescopios e micrómetros, observacións de pasos por dúas verticais, eclipses e outras marabillas vistas baixo o orballo dun campus compostelán. Un espazo onde, cada pouco, ecoaban as badaladas da Catedral.

Aquel Abril de 2016 pensando en Antonia foi se cadra o xermolo de *As Curiosas: son de letras+ciencias*. 2 anos despois, en 2018, faría un monográfico de Antonia Ferrín nese mesmo Planetario, coa pianista Isabel G. Alonso, e rodeando a súa vida e logros académicos na astronomía de poemas, de Richard e Joan Feynman, música de Arvo Part ou o Llivre Vermell, Bat for Lashes, Bowie, e tamén Isaac Asimov ou Emma Converse. E traendo o escándalo da saia-pantalón – que tamén lle viría a Antonia- recollido nun xornal herculino da época na que ela naceu.

A día de hoxe, só un Observatorio en todo o mundo leva o nome dunha muller. Esta en construción no norte de Chile, e esa muller é Vera Rubin, astrónoma norteamericana que rexistrou as primeiras evidencias da elusiva materia escura, a cal conforma, ata onde sabemos, o 26% de todo canto existe no Universo (a nosa materia ordinaria, bariónica, é só o 4%). Dos 4 Observatorios que existen actualmente en Galicia (Forcarei, Cotobade, Ramón M^a Aller ou Trevinca), ningún podería levar o nome de Antonia Ferrín Moreiras?

Mentres o pensamos, miremos esta pequena (en verdade pequena) serie de mulleres mirando por un telescopio. Ignoro se a pintora viveirense Maruja Mallo foi a primeira en pintar unha muller anónima co ollo no telescopio, en 1926: *El mago Pim Pam Pum*. Delicia de título para unha delicia de lenzo.

Dende logo, si pode ser a primeira representación dunha muller racializada, claramente americana, en poñer a man e o ollo no telescopio. Porque outra obra así de marabillosa será de dez anos despois, 1936, as *Mulleres observando estrelas*, de Chou Ota.





E digo o de muller anónima porque existe un retrato de Maria Mitchell, a primeira astrónoma estadounidense (en Europa a primeira astrónoma profesional recoñecida será a alemá-británica Caroline Herschel), pintado por Herminia Borchard Dassel.



De mediados do século XVIII cheegou a nós un retrato marabilloso, obra de Pietro Antonio Rotari, dunha *Moza cun anteollo*. Mais non semella que puidese esculcar moito ceo cun monocular así. Claro que quen sabe.



Antonia Ferrín, a carón do seu telescopio, está entre todas elas. Pero non pintada, senón real.



Logo de falar sobre Antonia merodeei hortas máis poéticas da man de dúas iconas literarias

(masculinas, ata onde sabemos): con este fragmento shakesperiano de *Romeu e Xulieta*, obra onde o amor e a metáfora dos astros camiñan man a man de contino, metémonos no ceo da boca de Xulieta cando di:

«Dádeme ao meu Romeu e, no seu pasamento, levádeo e dividídeo en estreliñas. Que el ha volver tan fermoso o rostro do ceo que o mundo todo namorará da noite e deixará de adorar o rechamante Sol.»

Apenas 13 anos despois de que se pronunciasen por vez primeira estas palabras –na voz dun *boy actor*, por certo, as mulleres tiñan prohibido actuar na escena isabelina–, xa en 1610, Galileo Galilei publica *Sidereus Nuncius* (O mensaxeiro das estrelas) onde expón as súas observacións de Xúpiter e os seus satélites, aínda sen nome. Simon Marius publicará en 1614 unha obra na que afirmará ter descuberto tamén os satélites de Xúpiter, e aventura uns nomes, seguindo a mitoloxía xupiterina (persoas amadas por Xúpiter–Zeus, como o seu copeiro Ganimedes e as súas princesas amantes ou raptadas, metamorfosadas en todo tipo de cousas: Ío en vaca, Europa seducida por un touro–Zeus ou a cazadora Calisto en osa, orixe da Osa Maior). Pero curiosamente un ano antes, na dedicatoria de *La Gitanilla* de Cervantes, de 1613, atopamos esta lista planetaria:

<i>Allí va el furioso Marte</i>	<i>de una y otra humana diosa;</i>
<i>en la persona curiosa</i>	<i>Venus casta, en la belleza</i>
<i>de más de un gallardo joven,</i>	<i>de las que este cielo forman.</i>
<i>que de su sombra se asombra.</i>	<i>Pequeñuelos Ganimedes</i>
<i>Junto a la casa del Sol</i>	<i>cruzan, van, vuelven y tornan</i>
<i>va Júpiter; que no hay cosa</i>	<i>por el cinto tachonado</i>
<i>difícil a la privanza</i>	<i>de esta esfera milagrosa.</i>
<i>fundada en prudentes obras.</i>	
<i>Va la Luna en las mejillas</i>	

Eses «pequeñuelos Ganimedes» que cruzan unha «esfera milagrosa» non son senón os

satélites de Xúpiter, nunha idea adiantada ao seu propio bautizo por parte de Marius e Kepler, meses máis tarde.

Da literatura de principios do s. XVII saltamos ao XIX e á costa galega, onde a ciencia e o alén analoxía á nosa poeta-estrela, Rosalía de Castro, en *En las orillas del Sar*, onde hai anos atopei este fragmento que levo sempre comigo coma un talismán que funde astronomía, ecoloxismo e poesía:

Una luciérnaga en el musgo brilla
y un astro en las alturas, centellea.
Abismo arriba y en el fondo, abismo.
Qué es al fin lo que acaba y lo que queda?
En vano el pensamiento
indaga y busca lo insodable, oh, ciencia!
Siempre, al llegar a término ignoramos
qué es al fin lo que acaba y lo que queda.

E outro retallo, esta vez de Luísa Villalta, do seu libro *Ruído*, que nos mergulla no silencio (imposible dende a Terra) do ceo nocturno:

*Agora fecho os ollos e leo
a pizarra negra dun firmamento
por estudar aínda.*

Luísa Villalta

Para rematar ese comezo interestelar, lin fragmentos dun poema escrito había moitos anos no que mencionaba a miña afección adolescente pola astronomía, poema que se publicaría ao ano seguinte en *Curiosidade*, no selo Aira editorial:

| siamesidade |

Hoxe teño dezanove anos.

Cría que non volvería telos. Trabuquei.

Aquí están. Meus.

Relocentes. Aínda con ese rubor impalpable dunha pel sen manchas.

Non coñezo o meu fillo. As torres xemelgas, en pé. A miña tía visitaas e cóntanolo, sobre o mantel. Debuxa Nova York. Onda o coitelo, a quinta avenida. Avenida aquí, avenida acolá. O mantel, porpouco. sorte, é a cadros. Hai farangullas do postre.

Non coñezo o pai do fillo. Vive noutro país e segrega hormonas para outra. O seu país é un máis contido. do mapamundi. Sei a capital.

O meu irmán posúe enteiro o fémur. Miro o seu rostro. É tan novo. Podería tanto.

Aínda non falo galego. Nin escribo en galego.

Aínda boto de menos o meu pai. Aínda me lamento por min mesma e non por el.

Aínda me lamento polos mortos e non polos vivos. Aínda creo que a arte é lamentarse. E a literatura. Por que non?

Os pousos cristiáns dos que custa desfacerse malia todo escepticismo.

A miña nai. Semella maior do que me semellará máis tarde. Xa é marabillosa. Pero preciso despegar un pouco do seu colo inmenso, da súa granxa de Kansas.

O meu pelo medra tan forte.

Vivo demasiado viva.

O universo vén de abrírseme coma un fungo nuclear e síntoo, volto un membro pantasma nas miñas tempas.

As miñas tempas. Tócoas decote. Escribo cunha

olivetti moi vella porque non hai cartos para máis. Non coñezo internet nin os PC.

Nin o meu primeiro amor. O correspondido. O outro, o platónico, deshidrata na memoria de colexio de curas.

Escribo sonetos.

Vou ao planetario os domingos.

Contemporizo.

A miña saliva é doce. Rosada. Compartina

Non saín de Europa. E Europa non é Europa, senón o continente do que tampouco me sinto

Europa é, naturalmente, fenicia e princesa.

Non fabricaron aínda o coche que conduzo, o teclado co que escribo isto, o empaste da miña moa esquerda, a fortaleza Schengen.

Non falo unha palabra de ruso nin sei cantar ópera. Ás veces, noquéame unha melancolía que non entendo.

Atribúoa a causas esotéricas e non á secuencia dos meus xens.

Corro. Corro bastante. Son quen de correr para:

a.- coller un bus

b.- atrapar un folio que voa

c.- fuxir de ti

d.- seguir correndo

Fíxome se me cruzo con algún senegalés na rúa. Borges é deus. Beckett e Bernhard pertencen ao feudo do meu irmán, coma o globo terráqueo que se prende.

Non teño CD. Pero si moitas cintas. A beca dá para pouco. A miña nai chega inqueda unha mañá

porque equivocou o día no INEM e poden
retirarlle o subsidio. Trae froita. Sempre a de mellor
calidade.

sobreestimados pola posteridade

soberbios

Algunha vez toco a guitarra. Xa non lle limpo o
po. Agora Nirvana.

anos

Ignoro o significado de siglas como SMS ou
USB. O meu mundo é tan real e analóxico como
pode selo un mundo.

2007

Roubo libros no corte inglés.

Estrico polas mañás. Durmo moitísimo. China é
pobre e ninguén fala de Shanghai. Deixo de
fumar.

Cuba existe, logo resiste. Os meus meses
preferidos son xuño e novembro. Inminencia.

Vexo 10 veces Blade Runner, 5 Star Wars e
namoro de Orson Welles.

Creo no Big Bang e nalgún outro tipo de vida
extraterrestre.

Bebo bourbon. Créome unha grandiosa. Fago
teatro. Cousas moi humildes que a min me fan
levitar.

Aínda me miran pola rúa.

Aínda podo cometer loucuras e atribuírlas ao
clima.

Nas noites, fosforeszo.

Empezo este poema unha noite desas. Soa e a
lapis.

Ao meu redor

tan só

cinco mil seiscientos millóns

de humanos máis.

E mañá. Mañá. Mañá seguirei tendo

dezanove

violentos, putos

Un haiku que aquel día quedou no tinteiro (un inédito):

Mirar estrelas
que nada miran en ti.
Constelarse.

E hoxe en día tería engadido estes poemas, talvez:

Un neno nace
baixo millóns de astros.
Curiosidade.

Choven Xemínidas.
Meteoros falan de ti
sen saber de ti.



2. (ES) PAZO MÚSICA



O seguinte punto da constelación foi o Pazo da Ópera.

Xa que segundo varias fontes familiares, non pasei un ano da vida sen cantar dende que cumprín 2 ou 3 -agás nos meses de dó nos que son incapaz de escoitar música sen bagullar, así fose Mahler ou *death metal* finés-, o canto semella un espazotempo seguro para min, onde xa non importa se me esculcan.

Con todo, sigo mantendo o seguinte: entre recitar ou dicir un texto aprendido -por exemplo, en teatro- e cantar, o máis nu é sempre, sen dúbida ningunha, cantar. Cantar é espirse diante de calquera. Un striptease ao que non lle tes máis remedio se queres seguir cantando. Por iso os meus concertos favoritos serían en planetarios, en tugurios nocturnos ou en coros de igrexas nos que ninguén me ve moito mentres contrae nupcias ou bagoa baixo sombreiros de madriña.

É certo que sempre me escondín para cantar: nacín cunha voz de *natura* que se escoita de máis, sempre (*estentórea*, diría a miña nai, o cal era o seu xeito de pedirme sen moito eufemismo *por que non calas un pouco?*). Pero aprendín a domeñala, a empastar con compañeiras de coro, tendo que desaprender logo todo para ceibala nos solos ou como solista.

Diríase que a todo o mundo lle gusta a música: soa no súper nos ascensores e en toda

actividade que se precie; a industria musical entrona todo tipo de personaxes, dende xente con oído absoluto ata persoas sen apenas musicalidade, nin apenas interese na música, que gañan máis que calquera compositora, de electrónica a clavicordio. A música é un atractor de atención.

[Pregúntome a cantos metros na atmosfera deixa de escoitarse o rebumbio da nosa civilización: toda a salsa, todo Beethoven, todo o que se ensaia agora mesmo, todas as bandas sonoras de películas e anuncios, a música nos carruseis, a música que igual levas no labirinto mentres les isto...]

A música é poder. Regula o volume da Terra.

No entanto, tamén pode ser unha tortura. Isto sábeo calquera que no autobús ou no metro ten que aturar o gusto musical de alguén que só ten un altofalante. Un amigo meu (músico) di que darlle á xente altofalantes, nos móbiles por exemplo, é darlles armas de destrución masiva. Soubémolo no confinamento pola Covid 19. Decatámonos cando vemos a unha velliña ás 9 da mañá ao noso carón no super, ponderando a madurez dos aguacates a ritmo de *after*. *Igual por sorte vai xorda*, pensamos. A miúdo constato: sei que xamais na vida entrarei nun supermercado e soará algo anterior ao ano pasado. Sei que xamais soará por exemplo Hildegarda von Bingen mentres compro froita, nin moito menos Debussy nos viños nin tan sequera Mozart na chacinería. Sería moito pedir. Que igual non me molestan Rosalía nin Miley Cyrus pero, sempre? O escritor e musicólogo francés Pascal Quignard sinala algo tan elemental como que as orellas non teñen pálpebras. Fala das torturas musicais en Guantánamo, música infantil que non che deixa pegar ollo, nunca. Probablemente, fun unha tortura para moita xente dende que aos 3 anos e dáseme por cantar. Como unha necesidade que non planifiquei, coa que non sigo unha carreira (malia xente recomendándome isto e aquilo), como un meteoro vocal que non sei de onde me vén.

Vivir ao lado dun pazo da música foi un privilexio de empreatriz chinesa. lembro comprar entradas para a primeira ópera, con 18 ou 19 anos, e ir soa a esas 4 horas do Boris

Godunov Mussorgski... e acabar toqueneando no ombro dalgún compañeiro de butaca. Entrar no Coro da Sinfónica marcou unha época divertidísima da miña vida (tamén noutros coros coruñeses, como Madrigalia ou o octeto Aisis) na que viaxei e sempre puiden resarcirme un pouco de non ter estudos regrados musicais, senón ser unha simple autodidacta cun oído bastante bo. No pazo da Ópera recibín clases maxistras como soprano e mezzo, maquilleime para formar parte de óperas que adoraba, como *Turandot* ou *Evgeni Onegin*. Cantei *Don Giovanni* namorada do que sería o pai do meu primeiro fillo e vestida cos corazóns fluorescentes de Agatha Ruiz de la Prada. Coido que non habería unha metáfora máis acaída para min naquel momento.

Que é se non un privilexio cantar *Veni veni veni venias* e todo Carmina Burana na praza de María Pita un agosto de finais dos 90, e que entre o público albisque a boina de Carmen Martín Gaité, unha escritora que marcou os meus 18 anos?

No Pazo da Ópera lembrei que publico prosa, case ficticia, dende hai moitos anos, malia que non o pareza: son publicacións humildes, efémeras, pero é unha das colaboracións profesionais máis antigas que manteño: escribo notas ao programa da Orquestra Sinfónica de Galicia, tamén da Orquestra Joven, e sempre me saen longas e *literérrimas*. Tras máis de 40 publicadas, moita xente achegouseme por elas, e sei que haberá outra moita xente que as aborrece. Un traballo que me levou a traducir (óperas, lieder, ciclos de cancións...) dende o inglés, o francés, o castelán, o portugués e (con lingua vehicular polo medio) o alemán ou o provenzal. É un traballo que gozo, para o que me documento e matino moitísimo tempo, e que agradezo inmensamente a Javier Vizoso, xefe de prensa da OSG pero sobre todo tamén escritor. Incapaz por tanto de librarse da sensibilidade cara á escrita, os seus tormentos, tempos e prazos imposibles.

No roteiro eu non sabía que cinco meses despois estaría dando remate a unhas notas sobre Os Planetas, de Gustav Holst (unha das obras preferidas do meu irmán e tamén miñas), só unhas horas antes de dar a luz. Velaquí un fragmento daquelas notas ao programa de 2016 que escribiría meses máis tarde:

FRAGMENTO NOTAS AO PROGRAMA DA OSG DE SETEMBRO DE 2016

ABONO Nº1

BÉLA BARTÓK E GUSTAV HOLST

«Durante moito tempo, deiteime cedo». Así comeza unha das novelas esenciais do s. XX, «Á busca do tempo perdido», de M. Proust. Como insinuaba E. Vila-Matas nun artigo, os bos inicios de novela son obxecto de coleccionista: dende «Cen anos de soidade» a «Anna Karenina», dende «A señora Dalloway» a «Os fermosos anos do castigo»...

E os inicios das obras musicais? Non menos memorábeis: a todos nos reverberan os da 5ª de Beethoven e «O Paxaro de Lume», e xa nos parecen herdanza por ADN «A Primavera» de Vivaldi ou «Así falou Zaratustra», de Strauss.

Para despuntar esta tempada 2016/2017, no seu 25º Aniversario, a OSG fainos conter o alento ante dous principios de impacto: Béla Bartok e a súa arpa alfombrando os pasos misteriosos dun violín maxiar, e o potente *tempo* do Marte de Holst, que algúns quixeron ver como un avó da marcha imperial de Darth Vader, en «Star Wars». *Incipit* para o recordo. Anecdoticamente, ambos músicos, Bartók e Holst, deron nome a cadanseus cráteres de impacto en Mercurio. Despegamos!

BÉLA BARTÓK (1881-1945)

Concerto para violín nº 2 BB 117 (1938)

1.-*Allegro non troppo*

2.-*Andante tranquillo*

3.-*Allegro molto*

Contra o que puidese parecer, Béla Bartók non tocaba o violín. E que curioso: un violín escrito por Bartók, o seu fraseo, a *cadenza*, resultan inconfundíbeis. Potencia acentos, rabuños, harmónicos, ronroneos, taconazos e laios. Ata deu nome a un *pizzicato*, o «pizzicato Bartók»: corda que golpea a madeira case coma unha maza.

Coma os grandes físicos teóricos da súa época (Einstein, Dirac), que deduciron matematicamente o movemento do cosmos antes de obteren evidencias empíricas, o mestre húngaro *deducía* os artellos máxicos do violín mesmo que non o tocase. De feito, a espiña dorsal da súa obra é de corda: desde os sublimes 6 Cuartetos até a Sonata para violín.

[...]

GUSTAV HOLST (1874-1934)

Os Planetas, op. 32 (1914-1917)

Se quixeres que unha astrónoma/ou te odie para sempre, confúndeo cun astrólogo/a. Estas dúas pólas da curiosidade humana separáronse tantísimo desde o s. XVII que nas filas da astronomía figuran científicos como Carl Sagan, Jocelyn Bell ou S. Hawking e na da astroloxía... Aramis Fuster, Rappel... sigo?

A estas alturas da especie *sapiens* é evidente que a astroloxía, pese á súa popularidade, revelouse como superstición sen fundamento ningún. Nin sequera os signos do zodíaco coinciden coa posición das constelacións actuais. Así a todo, durante un tempo ciencia astronómica e pseudociencia astrolóxica case se solaparon, como alquimia e química, como mito e razón. Gallas dese tronco común quedan nos nomes dos planetas, sen ir máis lonxe.

No noso barrio solar, cara a 1914, había 8 planetas coñecidos. Plutón estaba aínda demasiado lonxe, nin se intuía sequera (descubriuse en 1930). Gustav Holst era daquela un tímido compositor británico, de ascendencia sueca, rusa e española, que estudara no London's Royal College of Music con Ch. Villiers Stanford, fixera íntimo de R. Vaughan Williams e enfrascárase en lecturas para as súas composicións: dende textos sánskritos do Rig Veda a cousas algo máis esotéricas, do tipo «Que é un horóscopo» e «A arte da síntese», do teósofo Alan Leo: xusto aí leu descrições sobre cada planeta.

Así que unha das obras máis influentes nas bandas sonoras da ciencia- ficción posterior, e

un clásico dos planetarios do mundo todo, non perseguía un propósito científico senón místico-astrolóxico. De aí os epítetos que Holst utiliza para os planetas, asignando a cada un unha personalidade de arcano do tarot.

Malia que escoitada ao longo destes 100 anos en actividades de ciencia e música, documentais, usada pola NASA con imponentes imaxes espaciais... Holst deixáralo claro na *première* da Suite, no Queen's Hall de Londres, en 1920:

«É o significado astrolóxico dos planetas o que me suxeriu estas pezas; non hai música programática nelas, nin posúen conexión ningunha coas deidades homónimas da mitoloxía clásica. [...]»»

No roteiro non leo ningunha desas prosas, pero si algúns **poemas e fragmentos** coma estes:

A música está en nós
como a auga está no cántaro de barro
no barro mesmo do cántaro
pese a que o cántaro estea baleiro.

número e (2001)

| **base de datos: μουσική** |

*A música viola o corpo humano. Pón en pé.[...] Ata as estrelas: escribiu Platón, son
Sereas, astros sonoros produtores de orde e universo
Pascal Quignard*

podería dicirvos que vou namorada dela
dicírvolo
que é dela
que levanta a terra como por riba dun universo
e faise minúscula e come de min
come de min
con tal obediencia
come de min
que hei amarte para sempre, aínda que amar signifique a batalla e o gozo e
altísima caída de ti
aínda que a vida sexa isto, isto que reteño como por entre as mans

isto
nada máis

e ti *iso*
iso nada máis

namentres ti precipítasme
ábresme
namentres ti a barbarie ti a furia
ónde protexerme, pois que me vives dentro
ónde fuxir, pois que en toda min estás
e eu quero para sempre este eu son que se eterniza
namentres ti
adelgázaste coma crina de egua fértil
aseméllaste como a miña man sobre a miña man
soérgueste como a madeira e o vento

estrela
púlsar

a delgada liña que separa estoutra vida
de ti

e a min venme trabando nas esquinas e non levo patróns
venme pobrísima asindo pola man case como carencias de ti
eu, que se fago isto é porque non son arpa, nin *cello*, nin tempo son
nin electricidade
nin pedal
na miña fastosa pobreza

namentres ti me amas
podería dicir que vou namorada dela
que non outra cousa hai
namorada dela
arco
dela
dolce
dela
milagre
único milagre
das creacións que nos foi dado crer

segunda pel que me arrincas a tiras
que me escoces aquí que me alzas aquí
para abandonarme consumida, suando, sen recoñecerme

que vivo pendente de ti
alimento
caricia
signo

meu amor analfabeto
meu grave amor

e déixasme sen deixarme
porque sábe-la arte de seres simultánea
e eu
eu
tan só teño esta vida para terte

amada
armada
minha senhor

consólame do teu consolo
despóxame de canto son

eu son
ti son

pero é que ademais
canto te amei
canto
canto te amo
cantocanto canto
canto
canto

3.MATEMÁTICA. QUÍMICA. RECENDOS.



O seguinte punto da constelación quixen que fose a rúa Durán Loriga e o Centro cultural que alí se atopa (co CGAI, a biblioteca, a hemeroteca...).


Co risco de esvaecer que toda mente brillante corre ao se converter en rúa -ao se «ruerizar», que acabo de inventarme- eu tampouco tiña idea de quen era Jacobo Durán Loriga até hai ben pouco. Así que decidín investigar un chisco a súa figura a través de Xosé Antón Fraga e evocala alí (nun centro que leva por nome Salvador de Madariaga, por certo, malia que ninguén o coñece así): Durán Loriga foi un matemático considerado internacionalmente (con amigos como Henri Poincaré e Charles Hermite) , membro da Real Academia das Ciencias de Madrid, da Société Mathématique de France, cunha boa biblioteca e dedicatorias manuscritas, e non só iso: publicaba os artigos nas linguas das revistas estranxeiras, por exemplo, alardeando poliglotismo. Tamén en revistas españolas, como *Gaceta de Matemáticas* e *Progreso Matemático*.

O 25 de decembro de 1904 pronuncia unha conferencia titulada *Una conversación sobre Matemáticas*, que se celebra no salón de actos da Reunión de Artesáns da Coruña, a poucos metros do centro no que estamos, organizada pola Academia de Belas Artes; a conferencia

tivo unha importante repercusión social e a prensa fíxose eco, ofrecendo varios reportaxes sobre ela. Nesta conferencia, Durán Loriga fixo unha alegación a favor das mulleres matemáticas, citando á Marquesa de Châtelet, Marie-Sophie Germain, Maria Gaetana Agnesi e Sofia Kowalewska.

Das matemáticas, unha das miñas paixóns non só literarias, quero pasar á química. E xa que estamos nun lugar inzado de libros invisibles, falo da química dos olores: a poucos metros temos un cheiro inadvertido para nós, pero non para turistas de interior ou nós mesmos cando acabamos de chegar de, poñamos, a Meseta: o da marusía. Ou simplemente, olor a mar. O sulfuro de dimetilo ou dimetilsulfuro (como o título do blog dunha química coruñesa que menciono, Deborah García Bello) é ese gas desprendido por bacterias asociadas ao plancton e algas, chamadas *Marinomonas*. Unha paleta coa súa denominación e formulación química e tamén o seu nome adozado, *marusía*.

Como boa embarazada, estou vivindo nun momento intenso ou se cadra *tenso* cos cheiros.



Este roscón de cores é unha ruleta-paleta da cantidade de olores que pode desprender un libro.

O libro xa pode ser un manual de mecánica de motos, un poemario de pouco percorrido ou o segredo do universo. Tanto ten. Poden oler a flores frescas, a vinagre ou a armario da avoa.

Aquel abril de 2016 estamos nunha biblioteca e non se pode estar nunha biblioteca a principios do século XXI e non lembrar o aroma dos libros, o cheiro a vello: furfural é o composto químico que

contribúe a ese aroma, pero tamén o ácido acético, o benzaldehído (cheiro a améndoas), etil hexanol (as flores frescas), a vainilla (vainilla en libro vello). E os adhesivos (etilvinil acetato ou goma EVA), alkil, peróxido de hidróxeno ben branco brillante...

Dado que o olfacto é o menos estudado e valorado dos sentidos e ten, no entanto, un poder de evocación que case non ten rival, falo cos que me acompañan neste Roteiro dun exercicio que suxería aos meus alumnos nas aulas de creación literaria: o *olorograma*. Un poema, ou texto en prosa poética, construído a partir de recendos e cheiros.

A palabra inventeina xa non sei cando, igual polo 2006 cando comecei a impartir ese tipo de aulas, mais nunca escribín o meu propio *olorograma* definitivo. Algo parecido foi isto, que se publicaría anos despois en *...as neuronas irmás...*:

Química da astronauta

Abres unha páxina. O cheiro fala como un libro aberto.
Este cheira a algas secas na beira de ría.

O dimetilsulfuro [C₂H₆OS] dese mar que tanto se nota cando xa non se ten.
Chámaselle marusía, porque na nosa memoria a química escribe poemas.
E marusía é sen dúbida unha palabra-poema.

Non botarás de menos o cheiro acedo do que non ten nome
nin o volátil dos eucaliptos como un exército
que instaurou outro tipo de verde, outra clase de sombra,
outro rumor.

Pero si o benzaldehído dos libros de améndoas
o éster madurando mazás das que falaba o teu avó
que ao comelas, dicía -e non era sospeitoso de poeta- parecían
de cristal. As mazás vidriadas. O seu corte na metáfora da lingua.
Partes en dous como consecuencia de todo iso.

Existe unha aveláña, *Saturnia pyri*: o macho detecta a femia
a quilómetros. Pasearás praias que non son de aquí.
Feromonas errantes sen velocidade de escape.
Textos lerás, que flotan sen raíces.
Sabor de froita non madura en cortiza terrestre
nin baixo o escafandro de cristal da atmosfera.

Esquecerás ese aroma a Terra que as gregas chamaron
«xeosmina». A súa bacteria, *Streptomyces coelicolor*.
Cor a ceo, olor a ceo.
Ou o petricor: cheiro a primeira chuvia trala seca.
Xeosmina, petricor, furfural de tanto puño
de tanta letra maresía.
Moléculas tan de aquí.

Todo perderase coma un bouquet noutra chuvia.
Chove a mares noutro planeta. Chispea. Sarabia.
Un libro de nova química aberto para ti,

para que o traduzas.



4. RECENDOS E SINESTESIAS



O seguinte punto da constelación foi unha breve parada a cheirar e saborear. Pola zona das polbeiras, preto da rúa Olmos, onde Urbano Lugrís deixou varios frescos maravillosos no número 27 (hai outros no número 10 da rúa da Estrela e escola da Igrexa de Culleredo).

Seguimos tamén a pista dun recendo, o da rúa dos Azafranes Bernardino: a do composto químico safranal, característico desa fermosa flor violeta e alaranxada, cos preciados estigmas ben gardadiños en caixiñas en tantas laceras. Prestos a polinizar a paella de mamá os domingos.

Da picrocrocina e o safranal do azafrán (*Crocus sativus*) pasamos ao pementón (*Capsicum annum*, persoalmente metade doce metade picante, por favor) dos polbos servidos á feira. Criaturas cunha mente prodixiosa, famosas polos seus tres corazóns quizais dados ao poliamor, e que neste lugar do mundo cociñamos en calquera festa. A rúa da Galera conta con varias polbeiras e os compostos químicos volátiles do pementón voan dun lado a outro desa galera, ao vaivén das ondas (do ar). Velaí van ao teu nariz e de aí ao teu cerebro, onde ensilas as lembranzas de xantares na praia, libros de Antoñita ou comics de Esther mollados entre a toalla, cheiro a frito e a sandía de par en par, o sorriso divino e sempre algo triste do irmán, as pañoletas de cores de mamá, o sabor salgado das tiras do bikini, as areas finas como constelacións entre as dedas e as sandalias, os trucos das cartas, mergullar e competir contra os primos sendo sempre a última, a pequena, velaí van: capasaicina e capsaicinoides, os compostos que lle dan esa punxencia única aos astutos polbos galegos.

Tráéndome de novo a Urbano, que tanto pisaría esas ruelas, detémonos nun recanto

onde quero lembrar que LUGRÍS, amais de pintor, persoeiro e fabulador, era un máis que salientable poeta:

«la orquídea del pulpo, el colibrí hipocampo
las grandes tuberosas rosas de los moluscos
donde los grandes coros del mar se quintaesencian
para más tarde»

escribe Ulises Fingal, ese marabilloso *outroeu* ou heterónimo do artista, no poema *Mensaje a Manuel Antonio*.

Só unha sensibilidade fantasiosa é quen de apreciar o enorme parecido entre a rosada carne do polbo e unha orquídea aberta: unha metáfora que podemos ver culinaria ou só de quen leva a pel dun lobo de mar.

A editorial Alvarellos brindounos hai anos unha marabillosísima antoloxía de textos de LUGRÍS da man da catedrática Olivia Rodríguez González, e da que rescato este poema que escribiu en galego para Picasso:

Un requiem cativo para un pintor grande

Hoxe pregunteilles ás vagas do Orzán,
_Que tristura garda voso verde afán?
que ata as areas tan graves están....
Respondeu o vento _Ay, foi un amor
do mar maior!
Do mar maior de Riazor
con vilas sulagadas e mortas en fror
(E tódolos sinos do fondo do mar
hoxe todos andan a saloucar,
i a chorar)
as sereas calan. Soio canta o mar.
O mar testemuño dun neno andaluz,
que tiña nos ollos gardada unha lus.
As ondas do Orzán
van veñen;
van.

Pola miña banda, leo un cachiño dun **poema (inédito)** que escribira sobre o fresco da rúa Olmos 27, do que tamén escribín un relato, hai moitos anos. O poema comeza así:

Carne de mural, carne de peixe

Igual presentides que aquí vai pasar algo.

Que a paz da superficie vai preñada de abismo e o abismo
-grandismo gran no sal da mirabilia
cardume de hordas descatalogadas-
ábrese de carnes, cheirentas a balea.
Carne de mural.

Igual pareceuvos ver a ninguén, a Nemo nas anémonas da infancia
unha infancia atómica pola que sobe e baixa o pulso
dun submarino dentado, ollo de boi e de vaca
igual sentides o tsunami a punto como eu o sinto na caluga.
Carne de peixe.

Igual o inminente ten o vaivén do emigrado. Igual o presentido
ten a resistencia da presa.

E a presa desiste e se abre para inundar de nereidas os tímpanos
para tocar campás de sal nas catedrais somerxidas pola ciencia.

A ciencia certa estades na vila asolagada onda a coiraza do Orzán.
Collede aire
para moitas
moitas eras.
[...]

inédito, 2011

e o relato, publicado online por *In Nave Civitas*, e titulado *Hic habitat felicitas*, comeza así:

«E con todo, sei que nunca buceara neste lugar, que antes chamaron Zona en Inmersión e aínda antes NW e aínda antes Artabria e quizais aínda Cassitéride.

Afástome un instante das coordenadas establecidas pola Unidade de Mergullo coa pouco recomendable intención de me internar entre as ruínas asolagadas. Escoltados por hordas de burbullas e o ritmo de pedalaxe das súas aletas, os compañeiros pérdense de vista pero o meu comunicador funciona, comprobeino. Botaranme de menos e chamarán. Ou non. Quizais deba darlle menos voltas e aproveitar a escapada antes de me reincorporar ao grupo de exploradores.

Miro ao meu ao redor, esculco baixo uns arcos aínda en pé. A turba en suspensión impídeme ver ben, así que activo o ecosonograma para me facer unha idea da xeometría de cascallos a través do son. No medio dos remuíños de po ábrese de pronto unhas fauces de claridade.

Quedo petrificada, todo o petrificado que é posible ficar nun fondo mariño. Salvo o meu

pelo, estou en éxtase.

Enxergo un barco dourado [...]»

Seguindo preto da Taberna do Pulpo, na Galera, quero ler pequenos poemas adicados a el, cun pequeno xogo, cuxo premio consiste en tinta. Tinta de lura.

Lembrando as moitas evocacións das cociñas nos poemas, dende a cebola de Wislawa Szymborska ata as cebolas de Sylvia Plath («onions» que por certo, fai rimar con «neons»), comezo cun haiku de Matsuo Basho, do século XVII, período Edo:

*Takotsubo ya
hakanaki yume yo
natsu no tsuki*

Na nasa o polbo
soña un soño fugaz.
Luar do verán

Tradución propia

E remato lendo tres poemas, en realidade **tres chíos**, que aparecerán publicados logo en *Curiosidade* (2017):

<140 caracteres

Quero facer contigo o que a primavera fai con fitoplacto no golfo de Biscaia

<140 caracteres

Facer contigo o que a espiral logarítmica fai coa cuncha das buguinas

<140 caracteres

Contigo o que o polbo fai coa tinta, o que a tinta fai coa folla, o que a folla fai coa lingua

antes do seguinte punto, e falando de bichería, lembro a figura de V́ctor Ĺpez Seoane, ferrolán como a oceańgrafa Ángeles Alvarino. O primeiro, que se carteaba con Darwin, viviu na Coruña, onde impartiu aulas e creou o Gabinete de Historia Natural. D́lle nome á especie endémica de víbora galaica chamada *Víbora de Seoane*.

A segunda, experta en zooplancton, nomeará varias especies de quetognatos e sifonóforos, e ela mesma dá nome á hidromedusa *Lizzia Alvarinoae* e ao quetognato *Aidanosagitta alvarinoae*.

5. PRAZA DO HUMOR

O seguinte punto da constelación foi porque a risa.

É curioso que a praza do Humor fose coñecida antigamente como praza dos Ovos: cantos ovos se estrelarían contra ese chan, hoxe de mármore, por un mal chiste. Por un descoido. Un *quita que vou*.

O chan vai cheo de humoristas que, talvez, recibiron ovos e tomates estrelados nalgún momento das súas carreiras, pero que hoxe gozan desa merecida posteridade ao alcance de calquera pisotón. As figuras que poboan este solo característico da cidade, visto polo prisma en catro trazos de Siro, suman 81. 81 sapiens que nos sacudiron o cerebro á altura do bandullo.

81 sapiens. Groucho. Mark Twain. Aristófanes. Wencelsao Fernández Flórez. Cunqueiro (en estatua sedente desnarigada). Julio Camba. Dostoievski sospeitando de Pepe Isbert. Daumier e Grosz, tristes porque ninguén ri deles. Agás as pombas.



81 sapiens. E por esa estatística graciosa que xa se nos sae soa, frouxa coma unha gargallada en clase de, nin un 3% deles son mulleres.

As mulleres, como todo medio mundo sabe, carecemos de sentido do humor. Na elite da madíbula batedeira están Mae West e Mafalda. Logo mulleres perdidas en grupos colectivos, sen nome propio. A Panteira Rosa é macho. E non poderían estar aí mulleres como Lucille Ball, AS chicas de ouro, Sei Shonagon... e a carón do seu parente Vicente, outra Risco, Isabel? Ou Paula Carballeira?

Pode ser difícil atopar mulleres humoristas na Antigüidade ou na historia da literatura, das ideas, do humor en xeral (sería procedente analizar o por que). Mais porque mexámonos en tradicións inamovibles e en marcos fosilizados ás leiras, pasamos co sempre preparado para unha boa análise (de ouriños) (e tamén macho!) Gatipetro, froito da imaxinación de Álvaro Cunqueiro na *Escola de*

Menciñeiros, e que hoxe vive como fonte no medio da praza:

O gatipetro é un gato branco que ten na cachola un corno mouro; o gatipetro ven polas noites ás casas, e párase nas habitacións nas que hai nenos durmindo. Entón o gatipetro ponse a verquer auga polo seu corniño, e o neno, en sonos, escoitando o pingar da fontíña aquela, sona que mexa, e de verdade mexa na cama. Pra espantar o gatipetro abonda con botar unhas areas de sal á porta do cuarto e ó pé da fiestra. O gatipetro anda apoiándose, ademais de nas catro patas, na lingua, e probando coista o sabor do sal, o gatipetro dá a volta e prosegue a súa nuturnia viaxe, deixando ós nenos da casa en paz.



Así que de humor a gatos hai un paso (e non penso que os gatos sexan os animais máis chistosos do mundo, xamais competirán con suricatos, toupas de fociño estrelado, bonobos facendo as paces, ranchiños, burros machando mans que se lles acercan, orangután, osos rañando o lombo nunha barra de stripper forestal...). Pero os gatetes, pero internet. Hoxe xa pasou algo a febre, pero en 2016 estaban efervescendo.

Como posuidora duns poucos gatos na vida (2), escribira un poema sobre gatos e física cuántica, que son dúas das cousas máis belas, electrizadas de incerteza e pouca broma do mundo.

| **animalia felis catus** |

Non sei que tal lle iría á beleza

sen vós.

Dende logo, á física cuántica
mal.

[Filo: Chordata]

O reino animal envexa esa autoestima:
nin Genghis Khan marcando territorio
e o noso corazón con pelos.

[Subfilo: Vertebrata]

De abrirse algunha vez
a caixa de Pandora-Schrödinger
estaría chea de michos:

gatas tricolores adoradas no Xapón
atigrados a cazar biosbardos nas raiolas
os belísimos rusos azuis, pousando para Akhmátova
e seguro habería un Monsieur Chat
amarelo coma un electrón
e un Gatipetro ante unha cunca
que rexouba mecánica de fluídos
e un Cheshire, se o describo desfai de risa:
así sonche a física subatómica
e a natureza do gato bravo.

[Orde: Carnivora]

Un intre para o meu consentidiño:
o siamés que tiven de nena
- máis ben tivome el a min:
quen é quen de posuír un gato?-.
Non menos rabudo que sibarita
amoroso tan daquela maneira.
Cicatriz que medrou comigo.

[Clase: Mammalia]

Non sei que tal lle iría á beleza
sen vós.

Dende logo á literatura
mal.

[Familia: Felidae]

Xa me estades bufando.
Esas orellas adiante-atrás:
logotipo do escepticismo.
Ronronádeme o poema, anda,

felis felices ante a *sapiens* que dubida
e escribe con tinta rabuda...

[Especie: *Felis silvestris*]

As vosas pupilas: comportas
de universos siameses ao noso. Mmrrrrr!
Gatos en laboratorios, gatos exipcios
mortos de curiosidade
o Sphinx con tacto de papiro,
a Grumpy Cat anoxada coa galaxia,
-acariciaos a contrapelo, vibrarás
de electromagnetismo-,
o Michiño hipnotizado no meu colo
e o meu irmán cun carboncillo,
o Korat divino de ollada kryptonita
dende un libro tailandés de título mimos
Tamra Meow.

Sempre sexis. Eterna fotoxenia.
Sempre a nos reinventar en sete entregas.

Ghatos a varrer, ghatos clonándose
no espello. Lambonas pero elegantes
ecuacións por unha raspa de peixe.
Bigotes doutro planeta
ao axexo, esmendrellando
en bucles animados, á xaneira...
Líquidos en calquera recipiente;
e sempre do lado da porta no que xa
non lles presta estar.

E que nome lle damos á gata, señor Eliot?
Se ten tres nomes! Euquései!
Michos, michos, michos!!

Algo sabedes... Sempre sabedes!
E calades. Caída de pestanas.
Miaaaaaaaaaaouu!

A beleza, como a física cuántica:
inefable, quark, escura...
e cun gato por entre as pernas.



6.UN SIGNO INFINITO



O último punto desta estrela de seis puntas quixen que fose un infinito.

Pode que sexa un oito visto dende outra perspectiva, pero a quen lle importa.

Nas lousas de pedra da Cidade Vella (xa pasaban das 2 da tarde, percorréramos uns 6 kms.) fixemos unha última homenaxe á matemática do azar: varias desas lousas que levan anos baixo o túnel da travesía que sae á Avenida do Metrosidero, levan números. Están a carón do convento de Santa Bárbara, ese lugar especial da cidade para tantos (quen non soña cunha das pequenas casiñas que dan a esa praza? Eu si. Non para vivir: para facer nela un laboratorio, un observatorio, un escritorio e un emporio da poesía híbrida, mestiza). Levo fixándome anos neses números, que seguramente ocuparon outro lugar antes. Talvez extramuros, talvez en igrexas. Son números fóra de lugar. Fóra de perspectiva.

Así que o 8 pódese ver, segundo camiñes e a onde, como un infinito. Ante ese infinito, cheirando

xa o océano da fin do mundo, quixen rematar. Nunha Cidade Vella onde daquela moraba un Moucho que vendía libros tamén vellos (canto furfural in the air) e unha librería Berbiriana de novidades (canto alkil in the air), onde presentei algunhas obras, creo que nunca miñas. Nunca me gustou moito presentar os meus propios libros e tampouco teño unha razón clara do por que.

Nesa cabalística Cidade Vella na que lembro amizades dos vinte anos que moraban na Praza da Fariña (Azcárraga), na que cantei en ducias de vodas na Colexiata entre símbolos de canteiros e en Santiago, alí onde ensaiaba nun coro aos 20 anos na Orde Terceira a carón das revisións de psiquiatría do meu irmán no antigo Hospital Militar, na súa sorrinte e torpe melancolía de talento que puido ter sido, alí preto de onde bebiamos cerebritos e logo papabamos cortizas de porco nas Virtudes, a Cidade que se volve medieval e ten ton retrofuturista, onde lembro as primeiras bases e fases -e frases- da Marea Atlántica, onde probei o chucrut e o punk do Caimán e moito lavabo sucio, unha cidade vella que sempre vin, dende arriba, a ollo de dron, como unha cabeza de ave fénix, a parte máis illa desta illa disfrazada de península nas alas, a cabeza do escudo da Coruña, que aparece no verso de Luísa Villalta.

Alí lin un par de poemas que se recollerían logo en *Curiosidade*, un pequeno poema para o número infinito máis célebre, pi.

Somos un pouco ninsesabe.

Somos o terceiro decimal de pi

empezando pola cola

E un poema dedicado á Coruña para un luibro homenaxe de 2008:

de entre todas as formas de facerche inmortal

de entre todas as formas de facerche inmortal
escolleron esta

★★★

esta páxina. Que arrincarán probablemente
ventos fillastros dos teus
unha folla íntegra destinada a se desintegrar por estrelas cuxa primeira luz arde lonxe
todavía

que non suliñarán xamais mans similares a estas
que con alivio será esquecida
como todo é
salvo ese insolente óvulo cósmico onde se repregaba todo antes da nada
incluso a memoria do que aínda non fora

onde nin sequera estabas ti
anaco de terra azoutada, interior de onda en forma de ostra
nin a túa torre nun xadrez extinto
nin o teu revés dun broslado marroquí de zara
nin as túas estrelas, galeras, olmos
nin o petróleo que manchaba as túas luvas de encaixe provinciano, cosido marea a
marea

[aquí quen escribe debía dicir algo, preparaba unha metáfora nuclear. Pero asomou á
fiestra un intre e esqueceu. Esqueceu de que falar. O guión do que agardaban que
dixese]

★★★

Nos poemas dedicados a un lugar un espera unha confesión

Nesta cidade morrín

Unha enumeración de espazos significativos

Plazuelas, vistas, recunchos, penedos

Mesmo algunha anécdota sentimental

Todos os que amo a día de hoxe viven aquí

E por suposto historia, moita mala historia

Os liberais, os corsarios, a heroína

Pero xa non nos queda nada diso por darche.

Non es unha cidade especial por nada en concreto.

Es unha de tantas.

O vento é o teu habitante máis antigo.

A luz faiche servicial ou industrial.

No teu interior procrean violonchelistas, perruqueiras, asasinosa
seguindo as mesmas leis que rexeñen os nosos átomos.

Non serás máis marabillosa nin máis digna por aparecer neste poema: de todas as
formas de facerche inmortal, a máis imperfecta
a máis idiota.

Non es importante. Ninguén que non che habite entenderá
por que te paseamos
por que che dedicamos un libro

ou esta frase: *Oh, ti. Si, ti*

Que parvada, ves? O poema remata
e nin sequera falei de nada: nin mencionei o soño recorrente
de que che engole un tsunami
que me gusta a túa estatua da *Unión y el Fénix*
ou verche as torres da refinería dende a autoestrada de Arteixo
ou as pedras do dique
ou as fotos antigas co ultramarinos *El Sol* que abriran os avós
coa Champanera Cantábrica
ou as fotos onde o meu pai sempre é un forasteiro nas túas lousas
e na miña nai gravita unha beleza intocable
e a fiesta onde o meu irmán le *Hormigón só*
o meu pequeno núcleo familiar adorado, atado a ti como a un embigo
o único significativo por diminuto, un punto na estatística poboacional
e ti crescendo
civicamente, europeamente
ao tempo que mingua a posibilidade de escribir palabras novas sobre ti
neste poema que esborrancho entre a vida artística e a familia.

De todos os xeitos de facerche inmortal, este, o menos mediático
este, o menos luminoso
o máis parvo.
Minguando ata os puntos suspensivos.

Os puntos suspensivos...
crúas incisións no texto que brindan ao lector
a posibilidade de pechar
un infinito
unha imperfección por tanto
un infinito
...

A Coruña, á luz das letras, 2008



Rematei este libro de recompilación do
Roteiro de poesía e ciencia na Coruña, de 2016
no mes de marzo de 2022
18 anos despois do pasamento
da escritora coruñesa
Luísa Villalta
que escribiu:
*Coñecín ventos suaves que nunca máis se daban detido
outra vez, sempre o vento dos ventos
rodeando este ponto do mundo:
Cabeza, Garda, Chave Forza e Antemural do reino renacido.*



